

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

21239 *REAL DECRETO 1369/2006, do 24 de novembro, polo que se regula o programa de renda activa de inserción para desempregados con especiais necesidades económicas e dificultade para encontrar emprego. («BOE» 290, do 5-12-2006.)*

As directrices sobre o emprego da Unión Europea veñen destacando a idea de que unha política eficaz fronte ao desemprego non se debe basear exclusivamente na garantía de ingresos, senón na combinación desta con medidas adecuadas de inserción laboral e, por isto, propoñen que os sistemas de prestacións sociais fomenten activamente a capacidade de inserción dos parados, particularmente daqueles con maiores dificultades.

Para dar resposta a estas directrices, polo Real decreto 236/2000, do 18 de febreiro, polo Real decreto 781/2001, do 6 de xullo, pola disposición adicional primeira da Lei 45/2002, do 12 de decembro, polo Real decreto 945/2003, do 18 de xullo, polo Real decreto 3/2004, do 9 de xaneiro, polo Real decreto 205/2005, do 25 de febreiro, e polo Real decreto 393/2006, do 31 de marzo, regulouse nos anos 2000, 2001, 2002, 2003, 2004, 2005 e 2006, respectivamente, un programa de renda activa de inserción, que combinaba medidas de emprego activas con pasivas. Os resultados destes programas puxeron de manifesto que se debe manter o dobre obxectivo de reinserción laboral e protección fronte ao desemprego, na forma deseñada nestes, para a súa aplicación máis eficaz aos diferentes colectivos protexidos.

Por isto, o punto 4 da disposición derradeira quinta do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, establece: «Habilitase o Goberno para regular, dentro da acción protectora por desemprego e co réxime financeiro e de xestión establecido no capítulo V do título III desta lei, o establecemento dunha axuda específica, denominada renda activa de inserción, dirixida aos desempregados con especiais necesidades económicas e dificultade para encontrar emprego que adquiran o compromiso de realizar actuacións favorecedoras da súa inserción laboral.»

A renda activa de inserción forma parte así da acción protectora por desemprego do réxime público de Seguridade Social, aínda que con carácter específico e diferenciado do nivel contributivo e asistencial, a que se refire o punto 1 do artigo 206 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, pero á que é de aplicación o punto 2 do citado artigo 206, cando establece que esa acción protectora comprenderá accións específicas de formación, perfeccionamento, orientación, reconversión ou inserción profesional en favor dos traballadores desempregados.

En cumprimento da disposición derradeira quinta citada, este real decreto establece un programa polo que se concede unha renda activa de inserción aos desempregados que subscriben o compromiso de actividade en virtude do cal manifestan a súa plena dispoñibilidade para buscar activamente emprego, para traballar e para participar nas accións ofrecidas polos servizos públicos de emprego e dirixidas a favorecer a súa inserción laboral. A partir dese compromiso, aplicaranse distintas políticas de emprego, activas e pasivas, aos diferentes colectivos a que se dirixe o programa de desempregados en situación de necesidade e cuxas posibilidades de ocupación son menores: por seren maiores de 45 anos, parados de longa duración ou emigrantes retornados; ou por

seren parados de calquera idade, discapacitados ou vítimas de violencia de xénero ou doméstica, sempre que, en cada caso, reúnan os requisitos exixidos para seren beneficiarios deste.

As modificacións máis importantes que incorpora o programa contido neste real decreto, en relación cos programas anteriores, é que non se configura cunha duración anual, senón que se ordena con carácter permanente establecendo unha garantía de continuidade na súa aplicación como un dereito máis e co mesmo financiamento que o resto das prestacións e subsidios por desemprego. Tamén se establece a cotización á Seguridade Social durante a percepción da renda, na forma recollida no artigo 218.1.4. da Lei xeral da Seguridade Social.

Ademais, a axuda para cambio de residencia das vítimas de violencia de xénero ou doméstica inclúese na disposición transitoria primeira do real decreto ata que se estableza un financiamento e consignación orzamentaria desa axuda á marxe do sistema de protección por desemprego.

Por último, este real decreto derroga o Real decreto 393/2006, do 31 de marzo, polo que se prorroga para o ano 2006 o Programa de renda activa de inserción para desempregados con especiais necesidades económicas e de dificultade para encontrar emprego, regulado polo Real decreto 205/2005, do 25 de febreiro.

Este real decreto foi consultado ás organizacións empresariais e sindicais máis representativas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de novembro de 2006,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto a regulación do programa a que se refire o punto 4 da disposición derradeira quinta do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, que permite establecer, dentro da acción protectora por desemprego, unha axuda específica denominada renda activa de inserción, dirixida aos desempregados con especiais necesidades económicas e dificultade para encontrar emprego, aos que se refire o artigo 2, que adquiran o compromiso de realizar actuacións favorecedoras da súa inserción laboral, a que se refire o artigo 3.

Artigo 2. *Requisitos.*

1. Poderán ser beneficiarios do programa os traballadores desempregados menores de 65 anos que, na data de solicitude de incorporación, reúnan os seguintes requisitos:

- a) Ser maior de 45 anos.
- b) Ser demandante de emprego inscrito ininterrompidamente como desempregado na oficina de emprego durante 12 ou máis meses. Para estes efectos, considerase interrompida a demanda de emprego por ter traballado un período acumulado de 90 ou máis días nos 365 anteriores na data de solicitude de incorporación ao programa.
- c) Non ter dereito ás prestacións ou subsidios por desemprego, ou á renda agraria.
- d) Carecer de rendas, de calquera natureza, superiores en cómputo mensual ao 75 por cento do salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.

Para estes efectos, aínda que o solicitante careza de rendas, nos termos anteriormente establecidos, se ten cónxuxe e/ou fillos menores de 26 anos, ou maiores inca-

pacitados ou menores acollidos, unicamente se entenderá cumprido o requisito de carencia de rendas cando a suma das rendas de todos os integrantes da unidade familiar así constituída, incluído o solicitante, dividida polo número de membros que a compoñen, non supere o 75 por cento do salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.

Computarase como renda o importe dos salarios sociais, rendas mínimas de inserción ou axudas análogas de asistencia social concedidas polas comunidades autónomas.

Consideraranse rendas as recollidas no artigo 215.3.2 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

2. Así mesmo, poderán ser beneficiarios do programa os traballadores desempregados menores de 65 anos que, na data de solicitude de incorporación, reúnan os requisitos previstos nalgún dos parágrafos seguintes:

a) Acreditar unha minusvalidez en grao igual ou superior ao 33 por cento, ou ter recoñecida unha incapacidade que supoña unha diminución na súa capacidade laboral da porcentaxe anteriormente indicada, sempre que se reúnan os requisitos exixidos no punto 1, excepto o recollido na alínea a).

b) Ser traballador emigrante que, tras retornar do estranxeiro nos 12 meses anteriores á solicitude, traballase, como mínimo, seis meses no estranxeiro desde a súa última saída de España e estea inscrito como demandante de emprego, sempre que se reúnan os requisitos exixidos no punto 1, excepto o recollido na alínea b).

c) Ter acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia de xénero ou doméstica, salvo cando conviva co agresor, e estar inscrita como demandante de emprego, sempre que se reúnan os requisitos exixidos no punto 1, excepto os recollidos nas alíneas a) e b).

Para os efectos deste programa, a violencia doméstica recollida no artigo 173 do Código penal queda limitada á exercida sobre o cónxuxe ou persoa ligada por análoga relación de afectividade ou sobre os fillos ou os pais.

3. Os beneficiarios de pensións de invalidez non contributiva poderán ser incorporados ao programa se reúnen, no momento da solicitude, os requisitos exixidos neste artigo, excepto o establecido no punto 1 d) pola percepción da pensión, sempre que se acredite que deixarán de percibir, a través dunha certificación da Administración competente sobre a suspensión da pensión a partir da data en que se inicie o devengo da renda activa de inserción.

4. Os traballadores, ademais de reunir os requisitos exixidos nos puntos anteriores deste artigo, deben cumprir os dous seguintes:

a) Non ter sido beneficiario da renda activa de inserción nos 365 días naturais anteriores á data de solicitude do dereito á admisión ao programa, salvo no caso dos que acrediten un grao de minusvalidez igual ou superior ao 33 por cento ou a condición de vítima de violencia de xénero ou doméstica.

b) Non ter sido beneficiario de tres dereitos ao programa de renda activa de inserción anteriores aínda que non se desfrutasen polo período de duración máxima da renda.

Artigo 3. *Compromiso de actividade.*

1. Para ser beneficiarios do programa, os traballadores, ademais de reunir os requisitos establecidos no artigo 2, deberán solicitalo e subscribir o compromiso de actividade a que se refire o artigo 231.2 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real

decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, en virtude do cal realizarán as distintas actuacións que determine o servizo público de emprego, no plan persoal de inserción, que se desenvolverán mentres o traballador se manteña incorporado ao programa.

2. Os servizos públicos de emprego aplicarán aos traballadores as accións de inserción laboral previstas no artigo 7.

3. Os traballadores, para a súa incorporación e mantemento no programa, deberán cumprir as obrigas que implique o compromiso de actividade e aquelas que se concretan no plan persoal de inserción laboral, así como as seguintes:

a) Proporcionar a documentación e información precisa para a acreditación dos requisitos exixidos para a incorporación e o mantemento no programa.

b) Participar nos programas de emprego ou nas accións de inserción, orientación, promoción, formación ou reconversión profesionais, ou naquelas outras de mellora da ocupabilidade.

c) Aceptar a colocación adecuada que lles sexa ofrecida, considerándose como tal a definida no artigo 231.3 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

d) Renovar a demanda de emprego na forma e data que se determinen no documento de renovación da demanda e comparecer cando sexa previamente requirido ante o Servizo Público de Emprego Estatal ou ante os servizos públicos de emprego.

e) Comunicar as causas de baixa, perda de requisitos ou incompatibilidades no momento en que se produzan esas situacións.

f) Presentarse a cubrir a oferta de emprego e devolver aos servizos públicos de emprego, no prazo de cinco días, o correspondente xustificante de ter comparecido no lugar e data indicados para cubrir as ofertas de emprego facilitadas por aqueles.

g) Reintegrar as cantidades da renda activa de inserción indebidamente percibidas.

h) Buscar activamente emprego.

Artigo 4. *Contía da renda activa de inserción e cotización á Seguridade Social.*

1. Os traballadores, como consecuencia da súa admisión e mantemento no programa, terán recoñecida e poderán percibir a renda activa de inserción coa contía, cotizacións e duración establecidas neste artigo e no seguinte.

2. A contía da renda será igual ao 80 por cento do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) mensual vixente en cada momento.

3. Durante a percepción da renda activa de inserción, o Servizo Público de Emprego Estatal ingresará as cotizacións á Seguridade Social conforme o establecido nos puntos 1 e 4 do artigo 218 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

Artigo 5. *Duración da renda activa de inserción.*

1. A duración máxima da percepción da renda será de 11 meses.

2. A renda activa de inserción manterase ata esgotar a súa duración mentres o traballador continúe no programa.

Artigo 6. *Axudas para incentivar o traballo.*

Os traballadores admitidos ao programa, que realicen un traballo por conta propia ou por conta allea a tempo completo, percibirán unha axuda equivalente ao 25 por

cento da contía da renda durante un máximo de 180 días a partir do primeiro día de traballo tras a solicitude de admisión ao programa, con independencia do número de contratos de traballo ou actividades por conta propia realizadas. A percepción da axuda non minorará a duración da renda activa de inserción, establecida no artigo 5, sen prexuízo da aplicación das normas establecidas nos artigos 9.1.d) e 10.1.d).

A axuda non se aplicará aos contratos subvencionados polo Servizo Público de Emprego Estatal.

No caso de traballo por conta allea a tempo completo, a axuda recoñeceráselle por solicitude do interesado, incorporada por unha soa vez á solicitude de admisión ao programa por se se desen no futuro as condicións para a súa obtención, e no caso de traballo por conta propia, a axuda recoñecerase logo de solicitude do interesado na cal comunique o inicio da actividade.

Artigo 7. *Accións de inserción laboral.*

O programa de renda activa de inserción comprende, ademais, accións de inserción laboral, que se manterán, complementándose entre si, mentres o traballador permaneza neste.

Os servizos públicos de emprego definirán as accións de inserción laboral que se lles aplicarán aos traballadores. Estas accións incluírán:

a) Desenvolvemento de itinerario personalizado de inserción laboral: a partir da admisión ao programa e no prazo máximo de 15 días, establecerase o desenvolvemento do itinerario personalizado de inserción laboral do traballador. Esta acción suporá:

A asignación ao traballador dun asesor de emprego que lle prestará unha atención individualizada, realizará o seguimento e a actualización do seu itinerario de inserción laboral, proporá e avaliará as accións de mellora da súa ocupabilidade e informará, de ser o caso, dos incumprimentos das obrigas establecidas no momento en que se produzan.

A entrevista profesional. Mediante a entrevista, o asesor de emprego completará e actualizará a información profesional sobre o traballador que xa figura nos servizos públicos de emprego e que resulte necesaria para definir o seu perfil profesional.

A elaboración ou actualización dun plan persoal de inserción laboral. En función das características persoais, profesionais e formativas detectadas na entrevista, o asesor de emprego establecerá o diagnóstico da situación do traballador e o itinerario personalizado de inserción laboral, co calendario e as accións que vaia desenvolver. Realizarase un seguimento e unha actualización deste itinerario periodicamente.

b) Xestión de ofertas de colocación: o asesor de emprego promoverá a participación do traballador nos procesos de selección para cubrir ofertas de colocación.

c) Incorporación a plans de emprego ou formación: os traballadores que se encontren desenvolvendo un itinerario personalizado de inserción laboral poden ser considerados para a súa participación nalgún dos seguintes plans ou programas: Orientación Profesional; Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional; Programa de Obradoiros de Emprego ou Programa de Escolas Obradoiro e Casas de Oficinas; Plans de Emprego para a contratación de desempregados na realización de obras e servizos de interese xeral e social, que proporcionen a adquisición de práctica profesional adecuada; programas experimentais ou Integrados para o emprego, que combinen accións de diferente natureza, tales como información e asesoramento, formación, práctica laboral e mobilidade xeográfica; asesoramento ao autoemprego e outros programas dirixidos á inserción laboral dos desempregados.

Os plans ou programas de emprego ou formación, incluídos os programas experimentais ou integrados para o emprego, poderán ser desenvolvidos polas entidades que colaboren cos servizos públicos de emprego na súa realización, nos termos previstos na súa normativa específica.

Así mesmo, a participación dos traballadores nos distintos plans e programas rexerese pola súa normativa específica.

Artigo 8. *Dereito á admisión ao programa.*

1. Terán dereito a ser admitidos ao programa, os traballadores que o soliciten conforme o previsto no artigo 11.1, e subscriban o compromiso de actividade na data de solicitude, sempre que reúnan e acrediten os requisitos exixidos.

2. Os traballadores, como consecuencia da súa admisión ao programa, terán recoñecida a renda activa de inserción a partir do día seguinte a aquel en que se solicite.

3. Para obter un novo dereito á admisión ao programa, deberá cumprirse o exixido no punto 1 anterior e, ademais, tamén debe cumprirse o establecido nas alíneas a) e b) do punto 4 do artigo 2.

Artigo 9. *Baixa e reincorporación ao programa.*

1. Causarán baixa definitiva no programa os traballadores nos cales conorra algún dos feitos seguintes:

a) Incumprimento das obrigas que implique o compromiso de actividade e que se concretan no plan persoal de inserción laboral, salvo causa xustificada.

b) Non comparecer, logo de requirimento, ante o Servizo Público de Emprego Estatal ou ante os servizos públicos de emprego, non renovar a demanda de emprego na forma e datas que se determinen no documento de renovación da demanda ou non devolver en prazo aos servizos públicos de emprego o correspondente xustificante de ter comparecido no lugar e na data indicados para cubrir as ofertas de emprego facilitadas por tales servizos, salvo causa xustificada.

c) Rexeitamento dunha oferta de colocación adecuada ou de participación en programas de emprego ou en accións de inserción, orientación, promoción, formación ou reconversión profesionais, salvo causa xustificada.

d) Traballo por conta propia ou allea a tempo completo, conforme o establecido no artigo 10.1.d), por un período de tempo igual ou superior a seis meses.

e) Obter pensións ou prestacións conforme o establecido no artigo 10.1.c), así como obter axudas sociais, conforme o establecido no artigo 10.1.e).

f) Deixar de reunir o requisito de carencia de rendas, conforme o establecido no artigo 10.1.a), e salvo o previsto no punto 3.

g) Acceder a unha prestación por desemprego, a un subsidio por desemprego ou á renda agraria, conforme o establecido no artigo 10.1.b).

h) Traslado ao estranxeiro, salvo o previsto no punto 3.

i) Renuncia voluntaria á renda activa de inserción.

j) Obter ou manter indebidamente a percepción da renda activa de inserción.

k) Esgotar o prazo máximo de duración da renda activa de inserción.

2. Os traballadores que causen baixa definitiva no programa só poderán volver a ser admitidos neste cando se cumpra o establecido no artigo 8.3.

3. Causarán baixa temporal no programa, sen consumo na duración da renda, os traballadores incor-

porados a aquel nos cales concorra algún dos feitos seguintes:

- a) O traballo por conta allea a tempo completo por un período inferior a seis meses.
- b) O traballo por conta propia por un período inferior a seis meses.
- c) A superación do límite de rendas, por un período inferior a seis meses.
- d) O traslado ao estranxeiro para a busca ou realización de traballo ou perfeccionamento profesional ou cooperación internacional por un período inferior a seis meses.

4. Producida a baixa temporal no programa polas causas previstas no punto 3, producirase a reincorporación a aquel:

- a) No caso de cesamento no traballo por conta allea a tempo completo recuperarase de oficio a percepción da renda activa de inserción, sempre que o traballador figure inscrito como demandante de emprego, o que implicará a reactivación do compromiso de actividade, e que a entidade xestora teña constancia da involuntariedade do cesamento ou, noutro caso, exixirase a acreditación dos requisitos.
- b) No caso de cesamento no traballo por conta propia, cando o interesado solicite a reincorporación ao programa nos 15 días seguintes ao cesamento no traballo, logo de acreditación da involuntariedade do cesamento, inscrición como demandante de emprego e reactivación do compromiso de actividade.
- c) No caso de volver a reunir o requisito de carencia de rendas individuais ou da unidade familiar, cando o interesado solicite a reincorporación ao programa a partir do día seguinte á solicitude se acredita que volve a reunir o dito requisito e o solicita dentro do prazo de seis meses desde a data de baixa no programa, logo de inscrición como demandante de emprego e reactivación do compromiso de actividade.
- d) No caso de retorno do estranxeiro, cando o interesado solicite a reincorporación ao programa nos 15 días seguintes ao retorno, logo de inscrición como demandante de emprego, reactivación do compromiso de actividade e acreditar algunha das causas de traslado recollidas na letra d) do punto 3.

5. A solicitude de reincorporación ao programa fóra do prazo de 15 días sinalado nas letras b) e d) do punto anterior suporá a perda de tantos días de renda e cotización á seguridade social como medien entre o día seguinte ao do cesamento no traballo por conta propia ou ao do retorno e o día da solicitude.

Artigo 10. *Incompatibilidade e compatibilidade.*

1. A renda activa de inserción será incompatible:

- a) Coa obtención de rendas de calquera natureza que fagan superar os límites establecidos, nos termos fixados no artigo 2.1.d), sen que se computen para eses efectos as rendas que proveñan de accións ou traballos compatibles coa percepción da renda.
- b) Coa percepción de prestacións ou subsidios por desemprego, ou da renda agraria.
- c) Coas pensións ou prestacións de carácter económico da Seguridade Social que sexan incompatibles co traballo ou que, sen selo, excedan na súa contía dos límites a que se refire o artigo 2.1.d).
- d) Coa realización simultánea de traballo por conta propia ou por conta allea a tempo completo, sen prexuízo de percibir a axuda prevista no artigo 6.
- e) Coas axudas sociais que se lles puidesen recoñecer ás vítimas de violencia de xénero que non poidan participar en programas de emprego.

2. A renda activa de inserción será compatible:

- a) Coas bolsas e axudas, de calquera natureza, que se puidesen obter pola asistencia a accións de formación profesional vinculadas ao Plan nacional de formación e inserción profesional.
- b) Co traballo por conta allea a tempo parcial, caso en que se deducirá do importe da renda activa de inserción a parte proporcional ao tempo traballado e o período da renda pendente de percibir mentres se compatibiliza con ese traballo ampliarase na mesma parte proporcional.

Artigo 11. *Tramitación.*

1. A solicitude de admisión ao programa de renda activa de inserción, que incluíra o compromiso de actividade, deberá presentarse na oficina de emprego que corresponda ao traballador, xunto coa documentación acreditativa de reunir os requisitos establecidos no artigo 2. O requisito de carencia de rendas deberá acreditarse mediante a presentación polo solicitante da declaración dos membros que compoñen a súa unidade familiar e das rendas.

O Servizo Público de Emprego Estatal, logo de autorización do interesado incluída na súa solicitude, solicitará da Axencia Estatal da Administración Tributaria información sobre os rendementos percibidos polo solicitante no exercicio anterior, de acordo co procedemento telemático para o intercambio de información que se acorde. Así mesmo, o Servizo Público de Emprego Estatal poderá exixir, de ser o caso, copia de recibos de salarios e copia de recibos de cobro de pensións ou de calquera outro documento acreditativo das rendas percibidas.

2. O Servizo Público de Emprego Estatal verificará o cumprimento dos requisitos exixidos no artigo 2 e, de ser o caso, solicitará o informe dos servizos públicos de emprego sobre o requisito de inscrición como demandante de emprego, e deberá ditar resolución motivada que recoñeza ou denegue o dereito á admisión ao programa no prazo dos 15 días seguintes á data da solicitude.

A resolución que recoñeza o dereito á admisión ao programa comunicaráselles aos servizos públicos de emprego competentes para que desenvolvan as distintas accións de inserción laboral previstas no artigo 7.

3. As baixas e as reincorporacións ao programa resolveráas o Servizo Público de Emprego Estatal e comunicaranse aos servizos públicos de emprego competentes para os efectos que correspondan, en relación coa continuidade, ou non, das distintas accións de inserción laboral previstas no artigo 7.

4. A tramitación das baixas no programa nos supostos previstos nas letras a), b), c) e j) do artigo 9.1 iníciarase coa información sobre os incumprimentos das obrigas ou das irregularidades que se detectasen. Como consecuencia disto, cursarase unha baixa cautelar no programa e daráselle audiencia ao interesado para que, no prazo de 15 días, formule por escrito as alegacións que considere oportuno e, transcorrido este prazo, adoptárase a resolución que corresponda, nos 15 días seguintes, para cuxos efectos será de aplicación o previsto no punto 5 deste artigo.

5. As admisións, baixas e reincorporacións ao programa resolveráas o director provincial do Servizo Público de Emprego Estatal e serán susceptibles de recurso ante a orde xurisdiccional social, logo de reclamación na forma prevista no artigo 71 do texto refundido da Lei de procedemento laboral, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/1995, do 7 de abril.

6. O establecido no punto anterior resultará, así mesmo, aplicable á axuda regulada no artigo 6.

Artigo 12. *Devengo e pagamento.*

1. O devengo da contía da renda activa de inserción e a cotización de Seguridade Social durante a súa percepción iniciaranse a partir do día seguinte á data de solicitude de admisión ao programa.

2. O dereito á admisión ao programa e o mantemento da percepción da renda activa de inserción supón a obrigada participación do desempregado nalguna das accións de inserción laboral que lle sexan ofrecidas conforme o previsto no artigo 7.

3. O pagamento da renda activa de inserción realízase por mensualidades de 30 días dentro do mes inmediato seguinte ao que corresponde o devengo. En todo caso o dereito ao percibo de cada mensalidade caducará ao ano do seu respectivo vencemento.

4. O pagamento da axuda prevista no artigo 6 realízase mensualmente, polos días que o traballador por conta allea a tempo completo figure en alta no correspondente réxime da Seguridade Social, ou polos días efectivos de actividade como traballador autónomo.

Artigo 13. *Competencias.*

1. Correspóndelle ao Servizo Público de Emprego Estatal a xestión do programa de renda activa de inserción, que deberá ditar resolución que recoñeza ou denege o dereito á admisión ao programa, resolver as baixas e as reincorporacións, así como a concesión da axuda establecida no artigo 6.

Así mesmo, o Servizo Público de Emprego Estatal efectuará o pagamento da renda e da axuda prevista no artigo 6, a cotización á Seguridade Social, o control de requisitos e incompatibilidades, a exixencia da devolución das cantidades indebidamente percibidas, así como as compensacións nas prestacións por desemprego ou na renda activa de inserción das cantidades indebidamente percibidas por calquera das citadas percepcións, todo iso nos mesmos termos fixados para as prestacións por desemprego.

2. As comunidades autónomas, que asumiron o traspaso da xestión realizada polo antigo Instituto Nacional de Emprego, actual Servizo Público de Emprego Estatal, no ámbito do traballo, o emprego e a formación, serán competentes para desenvolver as accións de inserción laboral para o cumprimento deste real decreto, de conformidade co previsto nos reais decretos de traspaso.

3. O Instituto Social da Mariña exercerá as competencias atribuídas ao Servizo Público de Emprego Estatal relativas á xestión da renda activa de inserción cando se lles aplique aos desempregados procedentes do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

4. Igualmente, o Servizo Público de Emprego Estatal será competente para desenvolver as accións de inserción do ámbito das políticas activas de emprego que deban ser financiadas con cargo aos créditos especificamente autorizados, pola Lei anual de orzamentos xerais do Estado, no seu estado de gastos como reserva de xestión directa, de conformidade co establecido no artigo 13.e) da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego.

Artigo 14. *Colaboración e coordinación entre as administracións públicas.*

1. O Servizo Público de Emprego Estatal ou, de ser o caso, o Instituto Social da Mariña poderán establecer convenios de colaboración coas comunidades autónomas a que se refire o artigo 13.2 para desenvolver as actuacións necesarias para o cumprimento do previsto neste real decreto.

2. As comunidades autónomas proporcionarán información ao Servizo Público de Emprego Estatal ou, de ser o caso, ao Instituto Social da Mariña, sobre os demandantes de emprego atendidos nas distintas accións de inserción laboral e sobre as reincorporacións ao traballo, ou a plans

de emprego e formación, así como sobre os incumprimentos das obrigas que se detectasen, e informarán sobre estes últimos no momento en que se produzan.

3. O Servizo Público de Emprego Estatal ou, de ser o caso, o Instituto Social da Mariña proporcionaránlles ás comunidades autónomas información sobre as admisións, baixas ou reincorporacións ao programa no momento en que se produzan.

4. O seguimento e avaliación do programa no nivel nacional corresponderá ao Servizo Público de Emprego Estatal.

5. As accións de inserción laboral a que se refire o artigo 7, poderán completarse con accións de inserción social desenvolvidas polos servizos sociais, para o cal as administracións públicas competentes poderán subscribir convenios en que se concreten estas.

Artigo 15. *Financiamento.*

1. O financiamento das accións de inserción laboral efectuarase a través das subvencións previstas para fomento da inserción e estabilidade laboral. As comunidades autónomas a que se refire o artigo 13.2 deberán realizar a reserva e a afectación que corresponda das subvencións que xestionen para a execución do programa.

2. O financiamento da renda activa de inserción da cotización á Seguridade Social, e a da axuda recollida no artigo 6 será a que corresponda á acción protectora por desemprego establecida no artigo 223 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

Artigo 16. *Servizos públicos de emprego.*

1. As referencias efectuadas neste real decreto aos servizos públicos de emprego entenderanse realizadas ao Servizo Público de Emprego Estatal e aos correspondentes servizos públicos de Emprego das comunidades autónomas a que se refire o artigo 13.2.

2. Así mesmo, as referencias efectuadas ás oficinas de emprego entenderanse realizadas ás oficinas do Servizo Público de Emprego Estatal e ás oficinas dos correspondentes servizos públicos de Emprego das comunidades autónomas citadas.

Disposición transitoria primeira. *Axuda para cambio de residencia de vítimas de violencia de xénero ou doméstica.*

1. As vítimas de violencia de xénero ou doméstica, a que se refire o artigo 2.2. c) do presente real decreto, que se visen obrigadas e acrediten cambio da súa residencia nos 12 meses anteriores á solicitude de admisión ao programa de renda activa de inserción ou durante a súa permanencia neste, poderán percibir nun pagamento único unha axuda suplementaria de contía equivalente ao importe de tres meses de renda activa de inserción, a partir do día seguinte a aquel en que se solicite.

Esta axuda poderase percibir unha soa vez por cada dereito á admisión ao programa de renda activa de inserción.

2. Por motivos de eficacia na xestión e para a súa inmediata posta á disposición das vítimas, xunto coa renda activa de inserción, a axuda recoñecerase, aboarse e financiarase conforme se indica nos artigos 11.6, 13.1 e 15.2 deste real decreto.

Disposición transitoria segunda. *Financiamento en 2006 da cotización á Seguridade Social dos perceptores da renda activa de inserción.*

En consideración á aprobación e entrada en vigor da nova regulación do programa da renda activa de inser-

ción con posterioridade á aprobación da Lei 30/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2006, o financiamento da cotización á Seguridade Social dos perceptores da renda activa de inserción a que se refire o artigo 4 deste real decreto, imputable ao exercicio económico de 2006, sufragarase con cargo ao orzamento de gastos do Servizo Público de Emprego Estatal.

Disposición transitoria terceira. *Solicitudes e admisións en programas de renda activa de inserción anteriores.*

As solicitudes e as admisións ao programa de renda activa de inserción anteriores á entrada en vigor deste real decreto regularanse pola normativa vixente na data da solicitude.

Disposición derogatoria. *Derogación do Real decreto 393/2006, do 31 de marzo.*

A partir da entrada en vigor deste real decreto derrégase o Real decreto 393/2006, do 31 de marzo, polo que se prorroga para o ano 2006 o Programa de renda activa de inserción para desempregados con especiais necesidades económicas e dificultade para encontrar emprego, regulado polo Real decreto 205/2005, do 25 de febreiro.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Facúltase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais para ditar as normas necesarias para o desenvolvemento e a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor e aplicación.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

O previsto neste real decreto aplicaráselles aos traballadores desempregados que soliciten o dereito á admisión ao programa a partir da súa entrada en vigor.

Dado nas Palmas de Gran Canaria o 24 de novembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais,
JESÚS CALDERA SÁNCHEZ-CAPITÁN

21274 *ORDETAS/3698/2006, do 22 de novembro, pola que se regula a inscrición de traballadores estranxeiros non comunitarios nos servizos públicos de emprego e nas axencias de colocación. («BOE» 291, do 6-12-2006.)*

A Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, reformada polas leis orgánicas 8/2000, do 22 de decembro, 11/2003, do 29 de setembro e 14/2003, do 20 de novembro, establece no seu artigo 10.1, que os estranxeiros que reúnan os requisitos previstos nesta lei orgánica e nas disposicións que a desenvolvan terán dereito a exercer unha actividade remunerada por conta propia ou allea, así como ao acceso ao sistema da Seguridade Social, de conformidade coa lexislación vixente.

Igualmente, o artigo 36 da Lei orgánica 4/2000 prevé que os estranxeiros maiores de dezaseis anos que desxen

exercer en España calquera actividade lucrativa, laboral ou profesional, necesitan obter a correspondente autorización administrativa para traballar.

Todo iso determina que os estranxeiros non poidan traballar mentres non obteñan a preceptiva autorización, que leva consigo a concesión por parte da autoridade laboral dunha autorización para traballar da clase que corresponda en función do tipo de actividade que se vai desenvolver, ou dunha excepción á obriga de obter a dita autorización para traballar.

Do anterior infírese que o réxime de autorizacións administrativas comentado ten unha indubidable repercusión na vida laboral do traballador e no recoñecemento e disfrute dos seus dereitos sociais.

Ademais, o Regulamento da Lei orgánica 4/2000, aprobado polo Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro, permite modificar determinadas situacións dos estranxeiros en España accedendo a unha autorización de residencia e traballo sempre e cando exista un contrato ou oferta de emprego do empresario que lle garanta ao traballador unha actividade continuada durante o período de vixencia da autorización para residir e traballar.

Por outro lado e tendo en conta que a organización do Sistema Nacional de Emprego xira arredor da inscrición dos demandantes nos correspondentes servizos públicos de emprego para a intermediación laboral, o acceso a servizos de mellora da súa ocupabilidade e, se é o caso, a prestacións por desemprego, resulta preciso clarificar a forma de dar cumprimento a este trámite por parte dos demandantes de emprego estranxeiros.

Na súa virtude e de acordo coas facultades conferidas na disposición derradeira primeira do Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, consultadas as comunidades autónomas, así como as organizacións sindicais e empresariais máis representativas, logo do informe do Ministerio do Interior e da Comisión Interministerial de estranxeiría e logo da aprobación do ministro de Administracións Públicas, dispoño:

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. Para os efectos desta orde ministerial poderán inscribirse como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego e nas axencias de colocación aqueles estranxeiros non comunitarios, maiores de dezaseis anos que, en aplicación da vixente normativa sobre permanencia e traballo dos estranxeiros en España, teñan recoñecido o dereito de acceso ao mercado de traballo.

2. Considérase traballador estranxeiro para os efectos de aplicación desta orde ministerial, toda persoa física que carecendo da nacionalidade española e non sendo nacional dos estados membros da Unión Europea, nin dos outros estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, exerza ou trate de exercer en España unha actividade lucrativa, laboral ou profesional xa sexa por conta propia ou allea.

3. Igualmente, considéranse traballadores estranxeiros, para os efectos de aplicación desta orde ministerial, todas as persoas físicas nacionais de Estados membros que estean condicionadas por períodos transitorios para a libre circulación de traballadores, durante a vixencia de tales períodos.

4. O disposto nesta norma entenderase en todo caso, sen prexuízo do establecido en leis especiais e en tratados internacionais en que España sexa parte.